

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE TEO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN EIO DOS MENECOS. CONCELLO DE TEO"

I. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

II. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co Concello de Teo para a execución do proxecto de afirmado e acondicionamento do viario municipal en Eio dos Menecos (Concello de Teo).

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante LALGA), establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndenlle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscripción de convenios.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.

O Concello de Teo manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a acometer o proxecto denominado: "afirmado e acondicionamento do viario municipal en Eio dos Menecos. (Concello de Teo)", debido a que este viario municipal obxecto deste proxecto presenta un pavimento bituminoso

envellecido, con perda progresiva das súas condicións iniciais de regularidade, textura e impermeabilidade.

O deterioro apreciado responde ao uso continuado da infraestrutura, á acción da auga e dos axentes meteorolóxicos, ao paso do tempo e ás reparacións puntuais efectuadas ao longo da súa vida útil. As condicións actuais do firme repercuten negativamente na comodidade e seguridade da circulación, favorecen a entrada de auga no paquete de firme e aceleran o



proceso de degradación da plataforma viaria. Por este motivo, considérase necesaria unha actuación de conservación e mellora que permita recuperar a funcionalidade ordinaria do

viario e prolongar a súa vida útil. A necesidade municipal non responde, polo tanto, a unha mellora ornamental ou accesoria, senón á conservación funcional dunha infraestrutura viaria de titularidade municipal xa existentes, cuxa degradación pode incrementar custos futuros de mantemento e deteriorar as condicións de seguridade e servizo á veciñanza.

O viario municipal obxecto do presente proxecto sitúase no lugar de EIO DOS MENECOS, no termo municipal de Teo, e constitúe unha infraestrutura de titularidade municipal destinada ao acceso e comunicación interior do núcleo e das parcelas e vivendas existentes no seu contorno.

Na inspección visual realizada aprécianse deficiencias xeneralizadas na capa de rodadura, consistentes principalmente en fendas, descarnaduras, perda de árido, fochancas illadas, parches de reposición, irregularidades superficiais e deterioración puntual dos bordos da plataforma. Tamén se observa a necesidade de adaptar á nova rasante os elementos de rexistro existentes, co fin de garantir a continuidade da superficie de circulación e evitar puntos perigosos para o tráfico rodado e peonil. A actuación desenvólvese integramente sobre viario municipal existentes, sen apertura de novo trazado nin ocupación de terreos privados.

A actuación encaixa no ámbito das competencias propias municipais relativas á infraestrutura viaria de titularidade local e á atención das necesidades da comunidade veciñal. A conservación da rede viaria municipal constitúe unha función ordinaria da administración local e resulta imprescindible para garantir a mobilidade, o acceso ás vivendas e parcelas, a prestación de servizos e a seguridade dos usuarios.

Dende esta perspectiva, a obra presenta interese público municipal porque permite manter en condición axeitadas unha infraestrutura xa integrada no funcionamento ordinario do termo municipal, evita a progresión do deterioro do firme e mellora a seguridade e a funcionalidade do viario sen introducir transformacións urbanísticas nin alterar o trazado existentes.

A actuación proxectada ten por finalidade recuperar as condicións de regularidade superficial, comodidade de circulación, seguridade viaria e durabilidade do pavimento, mediante a preparación da superficie existente, a aplicación dunha rega de adherencia e a extensión dunha nova capa de rodadura de mestura bituminosa en quente tipo AC 16 surf 50/70 D, cun espesor final compactado de 5 cm.

O proxecto inclúe, así mesmo, as actuacións complementarias necesarias para a correcta execución da obra, entre elas a reparación ou regularización puntual das zonas deterioradas, o recrecido ou axuste á nova rasante das tapas de rexistro e demais elementos existentes afectados, a sinalización horizontal necesaria, a xestión dos residuos xerados, as medidas de seguridade e saúde e os remates precisos para a posta en servizo do viario.



A solución proxectada é proporcionada á necesidade detectada. Non se formula a apertura dun novo viario, nin a modificación substancial da plataforma, nin unha actuación urbanística integral, senón unha intervención de conservación e mellora do firme existentes.

A idoneidade do proxecto deriva da relación directa entre a prestación proxectada e a necesidade que se pretende satisfacer: recuperar as condicións de seguridade, regularidade, impermeabilidade, durabilidade e comodidade de circulación dun viario municipal existentes.

Todos estes factores recomentan as actuacións previstas, as cales redundan en calquera caso no beneficio da seguridade e comodidade dos usuarios.

De acordo co exposto, coa dita actuación mellóranse considerablemente as condición de seguridade da vía, para viandantes como para tráfico rodado, acadando uns accesos cómodos, funcionais e axeitados para os usuarios, tratándose polo tanto dunha actuación xustificada polo interese público.

Todos estes factores recomentan as actuacións previstas, as cales redundan en calquera caso no beneficio da seguridade e comodidade dos usuarios.

De acordo co exposto, coa dita actuación mellóranse considerablemente as condición de seguridade da vía, para viandantes como para tráfico rodado, acadando uns accesos cómodos, funcionais e axeitados para os usuarios, tratándose polo tanto dunha actuación xustificada polo interese público.

A realización da obra require un investimento substancial que o Concello de Teo non pode afrontar con recursos propios neste momento. O montante económico do proxecto, excede dos recursos locais dispoñibles actualmente, razón pola cal resulta necesario solicitar unha subvención á Xunta de Galicia pola totalidade do orzamento da obra.

III. Finalidade

O obxectivo común é mellorar as infraestruturas municipais, de forma que o Concello poida prestar servizos de calidade á veciñanza.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Teo o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

IV. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Teo para executar as obras incluídas no Proxecto: "afirmado e acondicionamento do viario municipal en Eio dos Menecos. Concello de Teo", cun orzamento total de 47.219, 25 € (IVE incluído).



V. Fundamentos do convenio

O Concello de Teo manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a acometer o Proxecto: "afirmado e acondicionamento do viario municipal en Eio dos Menecos (Concello de Teo)", debido a que este viario municipal

obxecto deste proxecto presenta un pavimento bituminoso envellecido, con perda progresiva das súas condicións iniciais de regularidade, textura e impermeabilidade.

A solicitude fundaméntase na necesidade de atender o mal estado de conservación que presenta o viario municipal.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Teo.

Así mesmo, esta actuación resulta de interese para a Xunta de Galicia polo que supón de potenciación e apoio á prestación de servizos por parte dos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese Concello para a mellora das infraestruturas municipais.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

VI. Actuación da subvención:

As actuacións consisten na mellora do firme no viario de titularidade municipal en Teo, co fin de garantir unha circulación segura e cómoda para todos os usuarios. As obras a realizar consisten fundamentalmente na mellora da capa de rodamento das pistas de titularidade municipal sobre as que se obra.

Estas actuacións son as que se describen a continuación:





- Rehabilitación superficial do firme existente mediante a limpeza e preparación previa da plataforma, a reparación ou regularización puntual das zonas deterioradas, a aplicación da correspondente rega de adherencia e a extensión dunha nova capa de rodadura de mestura bituminosa en quente tipo AC 16 surf 50/70 D, cun espesor final compactado de 5 cm.
- Limpeza e varrido da superficie existente, eliminando po, áridos soltos, restos de terra, vexetación ou calquera outro material que poida prexudicar a correcta adherencia entre capas.
- Reparacións puntuais necesarias nas zonas que presenten fochancas, deterioración localizada, mordentes, irregularidades superficiais ou perda de material, mediante o saneo, regularización ou fresado localizado que resulte preciso en cada caso. Estas actuacións limitaranse ás zonas estritamente necesarias para garantir unha base estable, limpa e regular sobre a que aplicar a rega de adherencia e a posterior capa de mestura bituminosa en quente.
- Previamente á extensión da nova capa de rodadura procederase á limpeza da superficie existente e á aplicación dunha rega de adherencia con emulsión bituminosa, coa dotación que resulte axeitada ao estado do soporte e ás prescricións técnicas aplicables, co fin de garantir a correcta unión entre o firme existente e a nova mestura bituminosa en quente.
- Recrecido, axuste ou posta á nova rasante das tapas de rexistro, arquetas, pozos ou demais elementos existentes na plataforma viaria que resulten afectados pola actuación. Estes elementos deberán quedar perfectamente enrasados coa superficie final do pavimento, garantindo a continuidade da capa de rodadura, a seguridade da circulación e a correcta funcionalidade dos servizos aos que pertencen. A actuación incluírá as operacións necesarias de levantamento, regularización, recrecido, reposición e remate perimetral, de xeito que non se produzan resaltes, afundimentos, ocos ou puntos de deterioración arredor das tapas. A medición realizarase por unidade de elemento efectivamente axustado á rasante definitiva.
- Sinalización horizontal que resulte necesaria para garantir unhas condicións adecuadas de seguridade viaria. As marcas viarias executaranse sobre a superficie final do pavimento, unha vez rematados os traballos de aglomerado e garantidas as condicións axeitadas de limpeza, adherencia e secado. A sinalización horizontal comprenderá, segundo proceda, liñas de bordo, liñas de separación de carrís, marcas de detención, pasos de peóns, símbolos ou demais marcas viarias necesarias, de acordo co definido nos planos, nas medicións e no prego de prescricións técnicas particulares. No caso de existir sinalización vertical afectada pola actuación, procederase á súa reposición, recolocación ou axuste, sempre que resulte necesario para manter as condicións de seguridade e ordenación do tráfico. A implantación de nova sinalización vertical só se executará cando estea expresamente prevista nos planos, medicións e orzamento do proxecto.

VII. Importe e aplicación orzamentaria

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima



cantidade de **corenta e sete mil douscentos dezanove euros con vinte e cinco céntimos (47.219, 25 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088). Esta cantidade representa o 100 % do orzamento do proxecto.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación

da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico
Francisco Javier Abad Pardo

